

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

TRADUCCIÓN DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Agustín Fernández Paz, unha ducia de títulos na editorial Bromera

A súa última novela traducíuna o escritor valenciano Josep Franco.

Redacción - 19:00 03/12/2007

[Agustín Fernández Paz](#) é un dos autores de LIX habituais no catálogo da editorial valenciana [Bromera](#). Na mesma editorial atópanse as traducións ao inglés de tres das súas novelas. Este outono presenta en catalán *Passadisos d'ombra* (*Corredores de sombra*), unha novela xuvenil de intriga. Durante a restauración do pazo dos Soutelo atópase un cadáver e Clara Soutelo decide resolver o misterio. Na súa pescuda a moza ten que recuperar o pasado da familia e iso vai mudar a súa maneira de entender a vida.

O ano pasado publicaba *Els guardians del bosc*, un relato en defensa da natureza dirixido a pequenos lectores. A mesma colección recollía un conto sobre a igualdade de xénero de Fina Casallerrey, *Un dia de caca i vaca*.

Passadisos d'ombra, de Agustín Fernández Paz

Trad. Josep Franco

Bromera, 2007, col. Espurna, 82

Els guardians del bosc, de Agustín Fernández Paz

Ilustracións de Cristina Durán e Giner Bou

Bromera, 2006, col. Cartera de Valors, 5

Un dia de caca i vaca, de Fina Casallerrey

Ilustracións de Marina Seoane

Bromera, 2006, col. Cartera de Valors, 4